

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de novembro de 2008



25404 Estatística de violencia de xénero

PROXECTO TÉCNICO

1.- NORMATIVA.

1.1 Normativa da ONU.

O 20 de decembro de 1993, a Asemblea Xeral da ONU aprobou a «Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller», na que reconece que «a violencia cara á muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home e impediron o avance pleno da muller», e «que a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home». O artigo 1.º define, por primeira vez, a violencia cara á muller como «todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada».

En 1995 a Declaración de Beijing, xurdida da IV Conferencia mundial da Organización das Nacións Unidas sobre a Muller, aprobou a Plataforma de acción co fin de potenciar o papel das mulleres en todas as esferas da vida. Nela reconécese que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz, que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

A Resolución 2002/52 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, dispón:

“14.- Subliña que os Estados teñen o deber positivo de promover e protexer os dereitos humanos da muller, e deben actuar coa debida dilixencia para evitar todas as formas de violencia contra ela, e exhorta aos Estados a: “d) Intensificar os esforzos para formular ou aplicar medidas lexislativas, educacionais, sociais e de outra índole para previr a violencia contra a muller...f) Formular, aplicar e promover, en todo os niveis apropiados, plans de acción para eliminar a violencia contra a muller... e os instrumentos rexionais pertinentes relacionados coa eliminación da violencia contra a muller”.

1.2 Normativa europea.



- Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002)5 sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002). Recoméndalles aos Estados introducir, desenvolver e/ou mellorar as políticas nacionais con base nos seguintes elementos: a seguridade máxima e protección das vítimas; o fortalecemento da capacidade de asistir as mulleres vítimas de violencia mediante a posta en práctica dunha estrutura de sostemento e asistencia óptimas que eviten unha vitimización secundaria; a adecuación do dereito civil e penal, incluídos os procedementos; e a formación especializada dos profesionais.

- Decisión n.º 803/2004/CE do Parlamento Europeo, pola que se aproba un programa de acción comunitario (2004-2008) para previr e combater a violencia exercida sobre a infancia, a mocidade e as mulleres e protexer as vítimas e grupos de risco (programa Daphne II).

1.3 Normativa estatal.

1.3.1- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. («BOE» 313, do 29-12-2004.).

-Artigo 2. *Principios reitores.* A través desta lei artículase un conxunto integral de medidas encamiñadas a alcanzar os seguintes fins:

- a) Fortalecer as medidas de sensibilización cidadá de prevención, dotando os poderes públicos de instrumentos eficaces no ámbito educativo, servizos sociais, sanitario, publicitario e mediático.
- b) Consagrar dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, exixibles ante as administracións públicas, e así asegurar un acceso rápido, transparente e eficaz aos servizos establecidos para o efecto.
- c) Reforzar ata a consecución dos mínimos esixidos polos obxectivos da lei os servizos sociais de información, de atención, de emerxencia, de apoio e de recuperación integral, así como establecer un sistema para a máis eficaz coordinación dos servizos xa existentes a nivel municipal e autonómico.
- d) Garantir dereitos no ámbito laboral e funcionarial que concilien os requirimentos da relación laboral e de emprego público coas circunstancias daquelas traballadoras ou funcionarias que sufran violencia de xénero.
- e) Garantir dereitos económicos para as mulleres vítimas de violencia de xénero, co fin de facilitar a súa integración social.



- Artigo 18. *Dereito á información.* 1. As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a recibir plena información e asesoramento adecuado á súa situación persoal, a través dos servizos, organismos ou oficinas que poidan dispoñer as administracións públicas.

- Artigo 19. *Dereito á asistencia social integral.* 1. As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e as corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidiscipliniedade profesional.

2. A atención multidisciplinar implicará especialmente:

- a) Información ás vítimas.
- b) Atención psicolóxica.
- c) Apoio social.
- d) Seguimento das reclamacións dos dereitos da muller.
- e) Apoio educativo á unidade familiar.
- f) Formación preventiva nos valores de igualdade dirixida ao seu desenvolvemento persoal e á adquisición de habilidades na resolución non violenta de conflitos.
- g) Apoio á formación e inserción laboral."

- Artigo 27. *Axudas sociais.* 1. Cando as vítimas de violencia de xénero carecesen de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pagamento único, sempre que se presuma que debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, a vítima terá especiais dificultades para obter un emprego e por esta circunstancia non participará nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.

2. O importe desta axuda será equivalente ao de seis meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivese recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe sería equivalente a 12 meses de subsidio por desemprego.

3. Estas axudas, financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, serán concedidas polas administracións competentes en materia de servizos sociais. Na tramitación do procedemento de concesión, deberase incorporar informe do Servizo Público de Emprego referido á previsibilidade de que polas circunstancias a que se refire o número 1 deste artigo, a aplicación do programa de emprego non incida de forma substancial na mellora da empregabilidade da vítima.

A concorrencia das circunstancias de violencia acreditarase de conformidade co establecido no artigo 23 desta lei.



4. No caso de que a vítima teña responsabilidades familiares, o seu importe poderá alcanzar o dun período equivalente ao de 18 meses de subsidio, ou de 24 meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela ten recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100, nos termos que establezan as disposicións de desenvolvemento desta lei.

5. Estas axudas serán compatibles con calquera das previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

1.3.2.- Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 1: "Este Real Decreto ten por obxecto regular a axuda económica prevista no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero dirixida ás vítimas de violencia de xénero para as que quede acreditada insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego. O artigo 8.1 dispón que "Estas axudas serán concedidas e aboadas nun pagamento único polas Administracións competentes en materia de servizos sociais, de conformidade coas súas normas de procedemento".

1.3.3.- A lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica, indica no seu preámbulo que unifica "os distintos instrumentos de amparo e tutela das vítimas destes delitos e faltas" e que "a orde xudicial de protección suporá, a súa vez, que as distintas Administracións públicas, estatal, autonómica e local, activen inmediatamente os instrumentos de protección social establecidos nos seus respectivos sistemas xurídicos. Niso consiste, precisamente, o seu elemento máis innovador." A lei devandita crea o novo artigo 544 na lei de axuizamento criminal, cuxo apartado 5 dispón: "**A orde de protección confire á vítima dos feitos mencionados no apartado 1 un estatuto integral de protección que comprenderá as medidas cautelares de orde civil e penal contempladas neste artigo e aquelas outras medidas de asistencia e protección social establecidas no ordenamento xurídico. A orde de protección poderá facerse valer ante calquera autoridade e Administración pública.**"

1.3.4.- O Real Decreto 355/2004 de 5 de marzo polo que se regula o Rexistro Central para a protección das vítimas de violencia doméstica, (segundo a modificación introducida polo Real Decreto 513/2005, de 9 de maio) recolle na súa Disposición Adicional Primeira a "comunicación das ordes de protección ás Administracións públicas competentes en materia de protección



social”, e a tal efecto establece que “Os secretarios dos xulgados e tribunais comunicarán as ordes de protección das vítimas de violencia doméstica que se adopten e as súas respectivas solicitudes, mediante testemuño íntegro, a aquel ou aqueles puntos de coordinación designados pola comunidade autónoma correspondente, que constitúan a canle única de notificación destas resolucións a centros, unidades, organismos e institucións competentes en materia de protección social en relación con estas vítimas, de acordo co establecido no *apartado 8 do artigo 544 ter* da Lei de Xuizamento Criminal. A comunicación do secretario xudicial remitirase nun prazo nunca superior a 24 horas desde a súa adopción, por vía telemática ou electrónica ou, no seu defecto, por medio de fax ou correo urxente.”

No parágrafo 2 desta disposición adicional, establécese: “2. O punto de coordinación designado fará referencia ao centro, unidade, organismo ou institución que centraliza a información, a súa dirección postal e electrónica, números de teléfono e fax, réxime horario e persoa ou persoas responsables de aquel. No caso de comunidades autónomas pluriprovinciais, poderá identificarse un punto de conexión específico para cada provincia.”

O artigo 8 deste Real Decreto 355/2004, na súa redacción dada polo **Real Decreto 660/2007, de 25 de maio**, dispón no seu apartado 1.d: “As comunidades autónomas poderán acceder á información necesaria para garantir o efectivo cumprimento das medidas de protección, provisionais ou definitivas, adoptadas polos órganos xurisdicionais, a través do **responsable designado en cada punto de coordinación** a que se refire a disposición adicional primeira ou, no seu caso, a través das persoas designadas por dito responsable”.

1.3.5.- De acordo co previsto na disposición adicional 2.^a da Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da orde de protección, constituíuse o 22 de xullo de 2003 a **Comisión de Seguimento da Implantación da Orde de Protección**, integrada por representantes do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado, do Ministerio de Xustiza, do Ministerio do Interior, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, das comunidades autónomas, da Federación Española de Municipios e Provincias, do Consello Xeral da Avogacía Española e do Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais de España. De acordo coa devandita disposición adicional 2.^a esta Comisión é competente para a elaboración de protocolos de alcance xeral para a implantación da orde de protección, así como a adopción de instrumentos adecuados de coordinación que aseguren a efectividade das medidas de protección e de seguridade adoptadas polos xuíces e tribunais e as administracións públicas competentes. Nese senso, elaborouse o correspondente **PROTOCOLO**, que no seu apartado 4.3 establece:



“Segundo dispón a lei, a orde de protección acordada polo xuíz de garda activa os instrumentos de protección e asistencia social previstos polas administracións públicas (estatal, autonómica e local).

A Lei reguladora da orde de protección establece unha canle única a través da cal se solicitan todas as medidas de protección e asistencia social que requira a vítima. É necesario por isto que todas as administracións implicadas se coordinen para conceder unha adecuada asistencia á vítima desde que esta o solicite.

De conformidade co disposto no apartado 8 do artigo 544 ter da LACrim, **establecerase** mediante un regulamento xeral, que poderá ser desenvolvido por cada comunidade autónoma, **un sistema integrado de coordinación administrativa** que, coa finalidade de garantir a axilidade destas comunicacións, xirará arredor dos seguintes eixes:

1. Establecerase un punto de coordinación ao que o xuíz lle remitirá a orde de protección e desde o que se posibilitarán as axudas que sexan solicitadas pola vítima ou que resulten necesarias, previstas polo ordenamento xurídico.

2. Establecerase así mesmo un sistema de comunicación, preferentemente telemático, que permita a rápida remisión da orde de protección desde o xulgado de garda ao centro de coordinación correspondente.

3. O punto de coordinación asignará a asistencia e protección adecuadas ás necesidades da vítima facilitando o acceso en tempo real ás axudas que soliciten as vítimas.

De forma transitoria, ata o establecemento definitivo do sistema integrado de coordinación administrativa, o xuíz de instrución comunicaralle a orde de protección ao órgano competente en materia de asistencia social da comunidade autónoma correspondente. **A orde de protección emitida polo xuíz confire á vítima un estatuto integral de protección que incorpora un título que habilita para acceder ás medidas de asistencia social establecidas polo ordenamento xurídico** e, en particular, á renda activa de inserción social regulada no artigo 2.2 c) do RD 945/2003, do 18 de xullo e normas posteriores, como o R.D. 1369/2006 que se citará de seguido; á asistencia xurídica gratuíta e especializada; e a calquera outra asistencia ou medida de protección que prevexan as leis. A duración, o contido, o alcance e a vixencia das axudas concedidas fixaranse en función dos criterios establecidos por cada administración dependendo sempre das necesidades da vítima e das circunstancias do seu contorno familiar”.

1.3.6.- Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade



para encontrar emprego. O artigo 2 deste Real Decreto dispón que “poderán ser beneficiarios do programa os traballadores desempregados menores de 65 anos que, na data de solicitude de incorporación”, reúnan algún dos requisitos seguintes: “c) Ter acreditada pola Administración competente a **condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica**, salvo cando conviva co agresor, e estar inscrita como demandante de emprego”, esixíndose tamén os requisitos do parágrafo 1 do mesmo artigo seguintes: “c) Non ter dereito ás prestacións ou subsidios por desemprego, ou á renda agraria. d) Carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.”

A disposición transitoria primeira establece a “*Axuda para cambio de residencia de vítimas de violencia de xénero ou doméstica*. 1. As vítimas de violencia de xénero ou doméstica, a que se refire o artigo 2.2.c) do presente real decreto, que se visen obrigadas e acrediten cambio da súa residencia nos 12 meses anteriores á solicitude de admisión ao programa de renda activa de inserción ou durante a súa permanencia neste, poderán percibir nun pagamento único unha axuda suplementaria de contía equivalente ao importe de tres meses de renda activa de inserción, a partir do día seguinte a aquel en que se solicite. Esta axuda poderase percibir unha soa vez por cada dereito á admisión ao programa de renda activa de inserción.”

1.4 Normativa autonómica.

1.4.1.- Estatuto de autonomía para Galicia, artigo 4.2: “Correspóndelles ós poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude”.

1.4.2.- De conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía para Galicia, e cos reais **decretos de transferencia** 2411/1982, do 24 de xullo, e 534/1984, do 25 de xaneiro, Galicia posúe competencias exclusivas en materia de asistencia social.

1.4.3.- Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, relacionando de entre as áreas de actuación a destinada á muller (artigo 5.3.e). No seu artigo 50 prevé a posibilidade de concederlles prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade que poderán ser periódicas ou non periódicas. No artigo 51 dispón que as prestacións e axudas periódicas estarán destinadas a persoas ou unidades de convivencia que se atopen en situación de marxinación social e necesidade material, correspondendo a súa



xestión aos órganos competentes da administración autonómica ou local, na forma legalmente establecida. No apartado 3 do mesmo artigo 51 dispónse que “con carácter xeral os perceptores de prestacións periódicas do sistema de servizos sociais terán preferencia no acceso aos equipamentos e programas da rede pública, na forma que regulamentariamente se estableza”.

1.4.4.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Cítanse os artigos máis relevantes, sen prexuízo doutros que se inclúen ou referencian neste proxecto:

Artigo 4.-Principios xerais. Os principios xerais que orientan o contido desta lei son:

1. Consideración da violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na prevención da violencia...
2. Carácter integral. Esta lei ten un carácter integral, que implica de xeito coordinado as diferentes instancias e administracións que teñen un papel destacado na prevención e no tratamento da violencia de xénero.

Artigo 35.-Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego.

1. Co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren violencia de xénero, a Xunta de Galicia adoptará as seguintes medidas:

- a) O establecemento das mulleres que sofren violencia de xénero como colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal.
- b) O establecemento dun réxime de axudas e subvencións específico para as empresas que contraten a mulleres que sofren violencia de xénero, establecendo medidas e accións para fomentar a súa contratación con carácter estable.
- c) O establecemento dun réxime de axudas e subvencións para as mulleres que sofren violencia de xénero cando decidan constituírse como traballadoras autónomas. Neste caso, estableceranse tamén axudas para garantir apoio e seguimento tutorial personalizado do seu proxecto.
- d) O establecemento dun réxime de axudas e subvencións para o fomento do emprego das mulleres que sofren violencia de xénero a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.



e) A integración preferente das mulleres que sofren violencia de xénero en todos os programas de formación profesional, ocupacional e continua, e de inserción laboral que se poñan en marcha desde a Xunta de Galicia.

Artigo 39.-Prestacións periódicas.

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, establecerá unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e a tentar axudarlle a romper coa situación de violencia.

2. Esta prestación aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas no artigo 5 desta lei, e será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Artigo 40.-Outras prestacións.

A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, regulará as bases da convocatoria e tramitará as axudas de pagamento que se definan na lexislación estatal, segundó o disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 44.-Dereito de acceso á vivenda.

A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de vivenda e en coordinación co departamento competente en materia de igualdade, garantirá, nos termos que se establezan regulamentariamente, o dereito a unha vivenda ás mulleres que sufran ou sufrisen violencia de xénero e se atopen nunha situación de precariedade económica. Poderán beneficiarse tanto das medidas para o acceso a unha vivenda en propiedade coma en réxime de aluguer.

Artigo 45.-Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública.

Na adxudicación das promocións públicas de vivendas daráselles prioridade ás necesidades das mulleres que sufran violencia de xénero e se atopen nunha situación de precariedade económica.

Así mesmo, poderá reservarse un número de vivendas adaptadas para mulleres que sufran violencia de xénero con mobilidade reducida de carácter permanente.

Artigo 46.-Equipamentos sociais especializados.

As mulleres maiores e as mulleres afectadas de diversidade funcional que sufran violencia de xénero, así como as persoas delas dependentes, consideraranse colectivos preferentes para



acceder aos equipamentos sociais especializados, nomeadamente residencias para persoas maiores e centros de día.

Artigo 47.-Criterios básicos.

1.Os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Artigo 48.-Rede galega de acollemento.

1. Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

2. Poden ser titulares do dereito de acceso aos centros de acollida as mulleres que acrediten mediante calquera dos medios establecidos no artigo 5 a súa situación de violencia de xénero.

Artigo 52.-Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

1. O Punto de Coordinación das Ordes de Protección dependente do departamento competente en materia de igualdade é o encargado de recibir a comunicación da totalidade das ordes de protección que se diten no territorio de Galicia.

2. Para estes efectos, o Punto de Coordinación das Ordes de Protección levará a cabo un seguimento individualizado de cada caso, poñéndose en comunicación coas mulleres que posúan unha orde de protección, coa finalidade de facilitarlles tanta información demanden e articular unha actuación ordenada dos servizos asistenciais e de protección.

Artigo 54.-Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.

2. Os departamentos da Xunta de Galicia competentes nas áreas de xustiza e de igualdade coordinaranse para a planificación conxunta de procedementos e para a formación e actualización permanente do persoal técnico das oficinas na atención, na asistencia e no tratamento das mulleres que sofren violencia de xénero.

Artigo 55.-Titularidade e xestión dos servizos.

1. Os servizos do sistema de protección e asistencia integral serán de titularidade pública, municipal ou autonómica, e a súa coordinación e supervisión correspóndelle á Administración da Xunta de Galicia a través do departamento competente en materia de políticas de igualdade.



Ademais, os artigos 3 a 5 desta lei 11/2007 conteñen novas definicións e ampliacións do concepto de violencia de xénero e da súa forma de acreditación que, xunto con outras normas da lei, poden ter repercusións nalgunha das prestacións obxecto deste proxecto estatístico.

1.4.5.- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

“Disposición adicional sexta.-Mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social. A expresión mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social utilizada nesta lei comprenderá, sempre como mínimo, para os efectos desta lei e dos seus desenvolvementos regulamentarios, a mulleres: a) vítimas de violencia de xénero...”

1.4.6.- Resolución do 7 de maio de 2007 (DOG do 14 de maio), pola que se regulan as bases para a concesión da **axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004**, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria. (Desenvólvese no apartado 2.1.1).

1.4.7.- Resolución do 16 de xaneiro de 2008 (DOG do 22 de xaneiro), pola que se regulan as bases para a concesión de **axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia**. (Desenvólvese no apartado 2.1.2).

1.4.8.- Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.

Esta orde (artigo 1.1) ten por obxecto o establecemento dun programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, estean desempregadas, a través da súa participación nas diversas medidas activas de emprego implementadas ou que poida implementar a Consellería de Traballo. Segundo o artigo 1.2 “As mulleres que se incorporen e, consecuentemente, sexan beneficiarias do programa desfrutarán de: a) Preferencia no acceso aos programas: -De mellora da empregabilidade, en concreto, aos servizos de orientación profesional e aos cursos de formación ocupacional. - Aos mixtos de formación-emprego, a través da súa participación en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego. - Aos de cooperación ou experienciais, a través dun contrato temporal de 12 meses de duración. b) Incentivos adicionais: - Para a súa contratación por conta allea. - Nas distintas fórmulas de autoemprego.”



O artigo 2º da orde establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa a Certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

1.4.9.- Orde do 12 de xullo de 2007 pola que se regulan medidas de acción positiva para a adxudicación de vivendas no programa de vivenda de aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta orde ten por obxecto a implantación dunha serie de medidas de acción positiva no Programa de Vivenda en aluguer regulado no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, para as mulleres vítimas de violencia de xénero: adxudicación directa da vivenda procedente do programa de vivenda en aluguer, en réxime de arrendamento, mediante a exclusión do procedemento xeral de adxudicación.

O artigo 5º recolle que xunto coa solicitude de adxudicación directa, achegarase un informe técnico do Servizo Galego de Igualdade que debe incluír referencias á situación persoal e familiar da solicitante, á intervención social acordada e á súa situación de vivenda.

1.5 ORGANIZACIÓN.

1.5.1 Normas competenciais:

1.5.1.1- Lei 3/1991, de 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller:

Artigo 1.1 "Créase o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do home e da muller como organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo e Servizos Sociais".

Artigo 2. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o exercicio das súas funcións.

O artigo 3 inclúe entre as súas funcións: "6. Promover, coordinar e avaliar plans e programas de acción e o desenvolvemento das actividades que, para a consecución dos obxectivos previstos na presente lei, realicen deputacións e concellos. 7. Cooperar con todas as entidades que polos seus fins ou actividades contribúan á consecución dos obxectivos previstos nesta lei." "10. Dentro das competencias da comunidade autónoma, velar polo cumprimento de todos



aqueles convenios e tratados internacionais, nos aspectos que afecten ás materias reguladas na presente lei". "12. Prestar servizos a prol daquelas persoas que pola súa situación e dentro do ámbito da presente lei teñan especial necesidade de axuda. 13. Asumir todas aquelas competencias que lle sexan asignadas por leis ou polo goberno de Galicia".

1.5.1.2.- Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller; refunde o Decreto 236/1991, do 4 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI en diante), e a Orde do 18 de xullo de 1991, que o desenvolve.

1.5.1.3.- Decreto 249/2002, do 18 de xullo, polo que se modifica o Decreto 312/1999, do 11 de novembro; ten causa na "necesidade de reforza-la estrutura orgánica do organismo autónomo", perfeccionando a súa estrutura.

1.5.1.4.- Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; dispón no seu artigo 2.2º: "Da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar depende o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller que se adscribe á Secretaría Xeral da Igualdade".

1.5.2 Órganos e unidades:

O SGI, de acordo coas normas citadas no apartado 1.5.1 anterior, ademais do órgano Colexiado Superior (consello) que non ten encomendadas tarefas de xestión, estrutúrase nos órganos e unidades seguintes: Dirección, da que depende o Servizo de Administración Xeral, e Secretaría, da que dependen o Servizo de Cooperación e o Servizo de Estudos e Programas. O PCOP constitúe unha especialización funcional esixida pola normativa de aplicación, configurándose nos termos que se describen no punto 1.5.2.2, sen que teña rango orgánico.

Dado que as funcións de tramitación, xestión e explotación das unidades estatísticas e datos obxecto do proxecto, realízanse substancialmente no PCOP e no Servizo de Cooperación, unicamente se describen de seguido estas unidades orgánicas e/ou funcionais. Pola súa parte as funcións da Dirección establécense na Lei 3/1991, de 14 de xaneiro, de creación do SGI e no Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller. As funcións da Secretaría do SGI, están definidas nese mesmo decreto 312/1999, na redacción dada polo Decreto 249/2002, do 18 de xullo.



Cítanse tamén neste proxecto os CIAM (Centros de Atención ás Mulleres). Estes centros situados nas cidades da Coruña e Lugo, non supoñen unha descentralización orgánica, senón que están integrados na estrutura única do propio SGI, cos seus postos de traballo dependentes orgánica e funcionalmente do SGI. Carecen por tanto de normativa orgánica propia, motivo polo que non se inclúen referencias no apartado 1.4 deste proxecto.

1.5.2.1.- Servizo de Cooperación.

O artigo 20 do Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, creou o Servizo de Cooperación, Estudos e Programas, logo desagregado en dous servizos, resultando as funcións do "Servizo de Cooperación" (adscrito á Secretaría), consonte á redacción dada ao artigo 21.2 deste decreto 312/1999, polo Decreto 249/2002, do 18 de xullo, entre outras as seguintes: **"4) A tramitación de tódalas convocatorias de axudas e subvencións para a prestación de servizos dirixidos á muller."**

Xestiona por tanto as axudas de carácter anual convocadas, como é o caso das do ano 2007 e 2008 que se exemplifican, a través de:

- Resolución do 16 de xaneiro de 2008 (DOG do 22 de xaneiro), pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia.
- Resolución do 7 de maio de 2007 pola que se regulan as bases para a concesión da axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria

1.5.2.2.- Punto de coordinación das ordes de protección.

A **Lei de Axuízamento Criminal**, segundo a redacción dada pola Lei 27/2003 reguladora da orde de protección no seu apartado 8º establece que a orde de protección será comunicada e notificada á vítima, ao Ministerio Fiscal e ás Administracións Públicas competentes para a adopción das medidas de protección (seguridade, asistencia social, xurídica, sanitaria, psicolóxica ou de calquera outra índole). Dispón tamén que a estes efectos establecerase regulamentariamente un **sistema integrado de coordinación administrativa** que garanta a axilidade das comunicacións.



O **Real Decreto 355/2004** de 5 de marzo polo que se regula o **Rexistro Central** para a protección das vítimas de violencia doméstica, regula na súa Disposición Adicional Primeira (segundo a modificación introducida polo Real Decreto 513/2005, de 9 de maio) a “comunicación das ordes de protección ás Administracións públicas competentes en materia de protección social”, e a tal efecto establece que “Os secretarios dos xulgados e tribunais comunicarán as ordes de protección das vítimas de violencia doméstica que se adopten e as súas respectivas solicitudes, mediante testemuña íntegra, a aquel ou aqueles **puntos de coordinación** designados pola comunidade autónoma correspondente, que constitúan a canle única de notificación destas resolucións a centros, unidades, organismos e institucións competentes en materia de protección social en relación con estas vítimas, de acordo co establecido no apartado 8 do artigo 544 ter da Lei de Axuizamento Criminal. A comunicación do secretario xudicial remitirase nun prazo nunca superior a 24 horas desde a súa adopción, por vía telemática ou electrónica ou, no seu defecto, por medio de fax ou correo urgente.”

No parágrafo 2 desta disposición adicional, establécese: “2. O **punto de coordinación** designado fará referencia ao centro, unidade, organismo ou institución que centraliza a información, a súa dirección postal e electrónica, números de teléfono e fax, réxime horario e persoa ou persoas responsables de aquel. No caso de comunidades autónomas pluriprovinciais, poderá identificarse un punto de conexión específico para cada provincia.”

O artigo 8 deste Real Decreto 355/2004, na súa redacción dada polo **Real Decreto 660/2007, de 25 de maio**, dispón no seu apartado 1.d: “As comunidades autónomas poderán acceder á información necesaria (do Rexistro Central) para garantir o efectivo cumprimento das medidas de protección, provisionais ou definitivas, adoptadas polos órganos xurisdicionais, a través do **responsable designado en cada punto de coordinación** a que se refire a disposición adicional primeira ou, no seu caso, a través das persoas designadas por dito responsable”.

O **Protocolo para a Implantación da Orde de Protección** prevé o establecemento dun sistema de comunicación que permita a rápida remisión da orde de protección dende o Xulgado ao Punto de Coordinación de Ordes de Protección. Así, na nosa Comunidade Autónoma, o Servizo Galego de Igualdade creou o Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP), que no seu comezo estivo situado no Centro de Información e Asesoramento a Muller da Coruña e actualmente e dende principios do ano 2006, trasladouse ás oficinas do SGI en Santiago de Compostela, traslado que foi comunicado por escrito, aos efectos oportunos, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (dirección xeral de Xustiza) e aos xulgados da comunidade autónoma de Galicia para que a partires da data indicada se remitisen as novas ordes de protección e demais comunicacións ao novo enderezo.



O Punto de Coordinación é pois unha esixencia funcional ligada á obrigatoria interacción entre os órganos da administración de xustiza, e das administracións públicas. Sen que veña esixido pola normativa de aplicación que teña carácter ou nivel orgánico determinado, quedando á libre configuración das administracións autonómicas de acordo coas súas potestades de auto-organización. Non obstante, estase a desenvolver a súa configuración nun próximo futuro con rango orgánico ou de unidade administrativa.

No apartado 1.4.4 deste informe citouse xa o artigo 52 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que configura o Punto de Coordinación das Ordes de Protección como dependente do departamento competente en materia de igualdade, sendo “o encargado de recibir a comunicación da totalidade das ordes de protección que se diten no territorio de Galicia.” Na alínea 2 deste artigo 52 dispónse que “Para estes efectos, o Punto de Coordinación das Ordes de Protección levará a cabo un seguimento individualizado de cada caso, poñéndose en comunicación coas mulleres que posúan unha orde de protección, coa finalidade de facilitarlles tanta información demanden e articular unha actuación ordenada dos servizos asistenciais e de protección.”

En función da normativa relacionada nos anteriores epígrafes deste proxecto, o PCOP leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia realizando as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlle o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección. Desde o momento en que o PCOP recibe comunicación das ordes de protección (normalmente por fax, reiterándose en moitos casos por correo postal) inicia un **contacto coa beneficiaria** a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón e, a comprobación de que a dita orde de protección se cumpre correctamente; en caso de que existan quebrantamentos, se lle informa da canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia. A usuaria é informada tamén se así o desexa, doutros trámites xudiciais, como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos, etc. Por tanto, unha vez recibida a orde de protección, iníciase o contacto coa vítima para, coñecendo a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala dos recursos asistenciais e de protección social existentes que pode solicitar.

A base de datos que se xestiona dende o PCOP permite, polo tanto, coñecer as ordes de protección ou medidas de afastamento que se ditan polos órganos xurisdicionais de Galiza e que son comunicadas a este órgano.

Por outra banda, dende o PCOP se tramitan actualmente as solicitudes dirixidas a certificar a condición de vítima de violencia ás que fai referencia a Orde da Consellería de Traballo do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres



vítimas de violencia, as certificacións análogas da condición de vítima esixibles segundo o disposto polo Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego. Tamén actualmente participa no labor da emisión dos informes aos que se refire a Orde da Consellería de Vivenda do 12 de xullo de 2007 pola que se regulan as medidas de acción positiva para a adxudicación de vivendas no Programa de vivenda en aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais do caso doutras certificacións acreditativas da condición de vítima que poden expedirse a solicitude das interesadas para outras finalidades.



2.- UNIDADES ESTADÍSTICAS.

As unidades estatísticas obxecto deste proxecto son os expedientes relativos ás prestacións e acreditacións que se indican, todos eles dirixidos ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

De acordo coa normativa estatal e autonómica devandita, as mulleres que están na situación de padecer violencia de xénero (acreditado en cada caso na forma esixida nas normas reguladoras das prestacións) teñen dereito a acceder ás diversas axudas, acreditacións e prestacións que se desagregan de seguido segundo a súa diferente tipoloxía:

- Prestacións económicas directas.
- Prestacións de servizos.
- Acreditacións.

Nos seguintes apartados desagreganse as diversas unidades estatísticas.

Todas as unidades estatísticas do proxecto veñen referidas a expedientes e procedementos que poden rematar en estimación/concesión/prestación, ou ben rexeitamento/non concesión. Pero tanto nas unidades como nas variables que se analizan nelas, a información mínima garantida polo sistema de xestión e comprometida no proxecto estatístico predícase a respecto do caso de **estimación ou concesión**.

2.1 PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DIRECTAS.

2.1.1. Axuda de pagamento único.

UNIDADE ESTADÍSTICA: Expedientes de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2007, réxese pola **Resolución do 7 de maio de 2007** (D.O.G. 14.05.07) pola que se regulan as bases para a concesión da axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

A situación de violencia acredítase pola orde de protección a favor da vítima, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto non se dite a orde de protección, así como a sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que acrediten a actualidade da situación de violencia.



Os requisitos esixibles son ser muller, maior de idade ou emancipada; carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego; ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial; non ter percibido esta axuda con anterioridade. A axuda é exclusivamente compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. En consecuencia, é incompatible coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinada ao mesmo fin.

O trámite inclúe a presentación da solicitude e da documentación acreditativa, no seu caso prazo de subsanación, informes do Servizo Galego de Colocación solicitados e incorporados de oficio polo SGI, e no seu caso documentación adicional, proposta por unha Comisión de Avaliación, fiscalización pola intervención delegada e resolución pola directora do SGI. O prazo máximo para resolver será de 3 meses, entendéndose desestimada a solicitude se transcorre o prazo sen recaer resolución expresa. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, se é o caso, á revogación.

A axuda consiste na contía económica seguinte:

TIPOLOXÍA:	Importe do subsidio de desemprego
- Con carácter xeral	6 meses
- 1 familiar ou menor acollido pola vítima.	12 meses
- Discapacidade da vítima \geq 33 %	12 meses
- 2 ou máis familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
- 1 familiar ou menor acollido pola vítima, e <i>conxuntamente</i> discapacidade da vítima ou da persoa dependente \geq 33 %	18 meses
- 2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e <i>conxuntamente</i> , Discapacidade \geq 33 % da vítima ou da persoa dependente	24 meses
- Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade \geq 65 %	24 meses



O procedemento xestiónase a través do Sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA), procedemento VP434B.

A lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón no seu artigo 40 que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, regulará as bases da convocatoria e tramitará as axudas de pagamento que se definan na lexislación estatal, segundo o disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Órgano/Unidade de tramitación: Servizo de Cooperación.

2.1.2.- Axuda periódica.

UNIDADE ESTATÍSTICA: Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2008, réxese pola **Resolución do 16 de xaneiro de 2008** (DOG do 22 de xaneiro), pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

O artigo 1 desta resolución dispón que "ten por obxecto establecer as bases que rexerán a concesión de axudas económicas, individuais e de carácter periódico, de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, baixo o réxime de concorrencia non competitiva." Os requisitos son: mulleres (maiores de idade ou emancipadas) que residan na Comunidade Autónoma de Galicia, acreditación dunha situación de convivencia que as poña en risco de sufrir violencia de xénero, que se atopen nunhas condicións económicas que lles impidan afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do seu agresor e que dispoñan dalgún dos documentos acreditativos desta situación de violencia adoptado ou emitido no período de doce meses inmediatamente anteriores á data da solicitude sempre que nese momento se producise o cesamento da convivencia. Os documentos cos que se pode acreditar a situación de violencia son: Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección, ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local; informe dos servizos de acollida; informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia. Ademais da carencia ou insuficiencia de recursos económicos para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor, esíxese que non teña percibido esta axuda con anterioridade. A axuda é incompatible con outras da mesma natureza.



A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. As contías son:

INGRESOS	Contía axuda por mes
Renda \leq IPREM 2008 /// ou discapacidade \geq 33 %	600 €
IPREM 2008 \leq Renda \leq (IPREM 2008) * 2	400 €
(IPREM 2008) * 2 \leq Renda \leq (IPREM 2008) * 3	200 €

O IPREM será, previsiblemente, o correspondente ao ano da respectiva convocatoria.

As contías incrementaranse en cincuenta (50) euros ao mes por cada filla/o menor de idade a cargo.

O trámite inclúe a presentación da solicitude e da documentación acreditativa, no seu caso prazo de subsanación, proposta por unha Comisión de Avaliación, fiscalización pola intervención delegada e resolución pola directora do SGI. O prazo máximo para resolver será de 6 meses, entendéndose desestimada a solicitude se transcorrese o prazo sen recaer resolución expresa. Cando as solicitantes teñan solicitada ou perciban a renda activa de inserción por vítima de violencia, deberán comunicalo, xa que no caso de teren dereito a esta axuda, e por seren incompatibles, o órgano xestor daralles opción para que no prazo de 5 días manifesten a súa opción indicándolles que as mensualidades coincidentes no período de percepción de ambas as dúas axudas minoran no mesmo número de meses a axuda regulada por esta Resolución do 16 de xaneiro de 2008.

A resolución poderase modificar, suspender ou revogar polo mesmo órgano, co correspondente procedemento. As resolucións serán notificadas motivadamente ás interesadas, esgotando a vía administrativa, e sendo por tanto susceptibles de recurso potestativo de reposición ou directamente impugnables na xurisdición contenciosa.

A contía da axuda concedida aboaráselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas.

O seguimento das axudas concedidas será realizado baixo as directrices do SGI, velando especialmente polo cumprimento dos requisitos polos que se concedeu a axuda durante todo o período de percepción.

O procedemento xestiónase a través do Sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA), procedemento VP434A.



A lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón no seu artigo 39 que "A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, establecerá unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e a tentar axudarlle a romper coa situación de violencia". Na alínea 39.2 establécese que será unha prestación periódica, e a respecto da acreditación da situación de violencia remítese aos supostos do artigo 5 da lei: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, (ou testemuño ou copia autenticada), sentenza de calquera orde xurisdiccional, certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública autonómica ou local, certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local, informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, ou calquera outro que se estableza regulamentariamente".

Órgano/Unidade de tramitación: Servizo de Cooperación.

2.2 PRESTACIÓN DE SERVICIOS.

2.2.1.- Atención polo PCOP.

UNIDADE ESTATÍSTICA: Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero, nos casos en que a persoa agresora é home.

Estes expedientes ábrese normalmente pola entrada no SGI da comunicación dos xulgados competentes da adopción dunha resolución xudicial (auto ou sentenza, incluso se é absolutoria) que implica pronunciamento sobre medidas ou ordes de protección. A información (sentenzas/autos/medidas/ordes de protección) remítese desde os xulgados, e nalgúns casos poden faltar datos relevantes –incluso o número do documento de identidade-. A remisión realízase normalmente por fax, ratificándose en boa parte dos casos coa remisión por correo postal. Está prevista tamén a comunicación por vía electrónica. O funcionamento xeral é de apertura dun expediente por muller-vítima; o que supón que en certo número de casos dentro dun mesmo expediente, faise un seguimento a sucesivas medidas ou ordes de protección.

A apertura do expediente supón unha serie de actuacións:

- **Contacto inicial coa beneficiaria** a fin de informala do procedemento que se vai seguir, os recursos de que dispón (de orde xurídica - como a asistencia xurídica gratuíta-, atención



psicolóxica, prestacións económicas e outras, derivación complementaria aos CIMs, recursos por vía telefónica), e a comprobación de que a orde de protección se cumpre correctamente.

- **En caso de quebrantamento** da orde de protección, **información** sobre a canle a seguir para interpoñer a correspondente denuncia.
- **Información** á usuaria, se o desexa, sobre **outros trámites xudiciais**, como pode ser a separación ou o divorcio, custodia de fillos, etc.

Nestas unidades os elementos máis relevantes son:

- Os expedientes abertos no período, que ven coincidir co número de novas mulleres atendidas.
- En relación cos expedientes anteditos (sexa cal sexa a súa data de comezo), as medidas de protección obxecto de seguimento, pois pode existir:
 - .) Varias medidas de protección obxecto de seguimento nun mesmo período (semestre).
 - .) Unha medida de protección nova nun período (semestre), obxecto de novo seguimento, ligada a un expediente de apertura anterior, e por tanto non aberto no período (semestre).

Se ben por cada muller vítima ábrese un só expediente, co seguimento conseguinte, (que pode ser moi variable en intensidade e extensión temporal), o labor de atención reitérase ademais por cada nova medida ou orde de protección que se poida ditar en relación á mesma vítima.

O persoal adscrito ao PCOP, baixo a dependencia da Secretaría do SGI e a xefatura xeral da Dirección, afronta o labor do PCOP baixo específico deber de sexilo, desde unha perspectiva pluridisciplinar, realizando tarefas de orde xurídica, social e administrativas como as xa descritas. O artigo 52 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón que se "levará a cabo un seguimento individualizado de cada caso, poñéndose en comunicación coas mulleres que posúan unha orde de protección, coa finalidade de facilitarlles tanta información demanden e articular unha actuación ordenada dos servizos asistenciais e de protección".

O labor de seguimento desde o PCOP varía considerablemente segundo as vítimas e as persoas agresoras (caso de quebrantamento da orde, entre outros), a situación psicolóxica da vítima, a súa situación familiar (responsabilidades familiares), socioeconómica, etc. Esta variabilidade non permite polo momento incluír no proxecto estatístico datos concretos relacionados co seguimento específico nos diferentes expedientes (ulterior información ou contactos coa vítima, contactos coas forzas e corpos de seguridade, e outros).



A aplicación informática utilizada da directamente diversas estatísticas, entre elas as correspondentes ás variables incluídas no proxecto. Agora ben, os datos comprometidos neste proxecto a respecto desta unidade, requiren unha depuración previa daqueles expedientes/medidas de protección, detraendo, ademais de aqueles que corresponden á apertura de expediente por comunicación de sentenza absolutoria, aqueles outros nos que a vítima é home, así como aqueles expedientes en que a vítima é muller pero a persoa agresora é tamén muller. É dicir, as variables comprometidas, ofrecen só os datos daqueles casos de "violencia de xénero", que teñen a dobre condición de "muller vítima / home agresor".

Órgano/Unidade de tramitación: PCOP.

2.2.2.- Incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero a un programa de busca activa ou mellora de emprego que se desenvolve desde o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller en colaboración con outras administracións e entidades.

UNIDADE ESTATÍSTICA: Expedientes de asesoramento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e tramitación da súa incorporación a un programa de busca activa ou mellora de emprego.

É unha prestación que vai parella normalmente á concesión da prestación de axuda económica periódica, pois as beneficiarias desta axuda, de acordo co disposto polo artigo 3.4 da Resolución do 16 de xaneiro de 2008, quedan incorporadas automaticamente a esta prestación. Porén, tamén se atende a outras vítimas de violencia de xénero que non proceden da tramitación ou concesión da prestación periódica e que simplemente acceden aos CIAM por calquera medio (normalmente remitidas polos CIM –Centros municipais de atención á muller– regulados polo Decreto 182/2004, do 22 de xullo).

O proceso é o seguinte: por parte do Servizo de Cooperación, en calquera momento da tramitación da axuda, e normalmente coincidindo coa Proposta da Comisión de Avaliación, remítese comunicación aos Centros de Información ás Mulleres (CIAM) da Coruña e Lugo (2 centros) e ás demais persoas responsables no nivel provincial (servizo externalizado ou medios persoais propios), a fin de que se teña en conta ás beneficiarias aos efectos destas prestacións. Os CIAM e responsables provinciais xestionan individualizadamente a atención das beneficiarias a este respecto, e ademais xestionan igualmente a prestación a outras mulleres que poden ser beneficiarias desta prestación sen selo da de pagamento periódico. No caso de xestión por un servizo externalizado, a dispoñibilidade do servizo e por conseguinte dos datos correspondentes á unidade estatística, está suxeita ás renovacións que procedan da



contratación do servizo. Non obstante, non supón cambio relevante neste proxecto que en calquera momento se pase a xestionar nalgunha provincia por medios propios dependentes do departamento de igualdade ou deste centro directivo, co mesmo compromiso nos procedementos e xestión dos expedientes e dos datos.

Unha vez constatada nos centros de atención a incorporación das mulleres ao programa, remítense os datos pola unidade de xestión ao Rexistro de Prestacións Interno, (RPI en adiante), que se describe nos seguintes apartados deste proxecto.

No caso das provincias nas que non existe CIAM (Ourense e Pontevedra, ata o día de hoxe, se ben Ourense pasará a desenvolvelo por medios propios dependentes do SGI), a prestación do servizo está condicionado polas limitacións conseguintes a esta condición, (contrato coa empresa prestataria e convenio co Instituto Galego da Muller), o que podería dar un resultado de "menor número relativo de incorporacións" (o que non significa ningún erro ou inexactitude estatística, senón, contrariamente, o reflexo fiel da realidade), e unha menor periodicidade na actualización de datos con carácter xeral, se ben garántese sempre a periodicidade semestral como mínimo, establecida neste proxecto.

O artigo 35 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece con rango legal diversas medidas específicas no ámbito da formación e do emprego" co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren violencia de xénero.

Órgano/Unidade de tramitación actual: Os CIAM de A Coruña e Lugo; empresa de servizos contratada en Ourense e Pontevedra

2.3 ACREDITACIÓNS.

UNIDADE ESTATÍSTICA: As solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

As solicitudes poden proceder das mulleres beneficiarias ou dun órgano da administración pública que require a documentación por esixencias dos procedementos de outras prestacións. No caso destas acreditacións, se ben o dato acreditativo da condición de vítima está xeralmente rexistrado no PCOP ou no Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica (e deste lévase ao do PCOP), pode acontecer que a propia solicitante sexa quen achegue por primeira vez a documentación correspondente xustificativa. Se esa



documentación da conta da existencia dunha medida de protección, inmediatamente dase de alta a súa vez no PCOP.

Todas as acreditacións (informes, certificados) emanadas do SGI, xestiónanse actualmente no PCOP, coa supervisión da titular da Secretaría do SGI, asinándoas a directora xeral. Desde esta unidade cárganse os datos nunha táboa en folla electrónica (EXCEL, OPENOFFICE ou similar) remitíndoa ao Rexistro de Prestacións Interno sito no mesmo SGI-Santiago. O listado ou táboa contén os campos seguintes: data da certificación, identificación dos expedientes das mulleres beneficiarias, provincia (do domicilio da beneficiaria), existencia ou non de responsabilidades familiares e/ou menores dependentes, e tipo de documento xustificativo da condición de vítima.

2.3.1.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

O artigo 2º.b da orde do **Orde do 2 de maio de 2006** establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a **Certificación acreditativa** da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

A certificación é un documento individualizado que non se xera directamente desde unha base de datos. Emítese polo SGI a través do PCOP, a instancia normalmente dos órganos periféricos da Consellería de Traballo (delegacións provinciais), ou ben da muller interesada, asinando a Directora do SGI. Para a emisión da certificación se comproba que a persoa estea de alta na aplicación do PCOP. Se a comprobación fose negativa se comproba tamén por acceso ao Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica (artigo 544 ter da Lei de axuízamento criminal), e caso de que o resultado sexa positivo e a muller vítima resida na comunidade autónoma de Galicia, dáse de alta no propio rexistro do PCOP. E como xa se dixo ao comezo deste apartado 2.3, a documentación acreditativa da condición de vítima pode achegarse tamén pola propia solicitante.

O artigo 35 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece con rango legal diversas medidas específicas no ámbito da formación e do emprego, co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren violencia de xénero. No suposto de que, en desenvolvemento e aplicación desta lei, esta acreditación se emita sen ter constancia da súa relación cunha medida de protección, os datos correspondentes á situación de violencia non se incorporan á aplicación do PCOP.



Órgano/Unidade de tramitación actual: PCOP.

2.3.2.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da percepción da renda activa de inserción.

O Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, desenvolve o previsión establecida no apartado 4 da disposición final quinta do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que permite establecer, dentro da acción protectora por desemprego, una axuda específica denominada renda activa de inserción, dirixida á persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral. Este Real Decreto 1369/2006, esixe (artigo 2) que as beneficiarias pola súa condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica acrediten a condición de vítima.

A certificación é un documento individualizado que non se xera directamente desde unha base de datos. Emítese polo PCOP, a instancia da muller solicitante, asinando a Directora do SGI. Para emisión da certificación se comproba que a persoa estea de alta na aplicación do PCOP. Se a comprobación fose negativa se comproba tamén por acceso ao **Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica**, e caso de que o resultado sexa positivo e a muller vítima resida na comunidade autónoma de Galicia, dáse de alta no propio rexistro do PCOP. E como xa se dixo ao comezo deste apartado 2.3, a documentación acreditativa da condición de vítima pode achegarse tamén pola propia solicitante.

Órgano/Unidade de tramitación actual: PCOP.

2.3.3.- Certificación xenérica da condición de vítima.

De conformidade co disposto, entre outros, polos artigos 35 e 37 da lei 30/1992, do 22 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, a solicitude das mulleres afectadas, expídese en ocasións certificacións xenéricas



acreditativas da súa condición de vítima, a fin de que a poida facer valer nalgún procedemento que poida seguir perante unha administración pública ou para outras finalidades lexítimas.

A certificación é un documento individualizado que non se xera directamente desde unha base de datos. Emítese polo PCOP, a instancia da muller solicitante, asinando a Directora do SGI. O procedemento xeral para a emisión da certificación comeza pola comprobación de que a persoa estea de alta na aplicación do PCOP. Se a comprobación fose negativa se comproba tamén por acceso ao Rexistro Central, e caso de que o resultado sexa positivo e a muller vítima resida na comunidade autónoma de Galicia, dáse de alta no propio rexistro do PCOP. E como xa se dixo ao comezo deste apartado 2.3, a documentación acreditativa da condición de vítima pode achegarse tamén pola propia solicitante.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ao ampliar o tipo de medidas que, con cobertura legal formal, se prevén a prol das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como, no seu artigo 5 a tipoloxía documental, pode supoñer novos supostos e/ou circunstancias de emisión deste tipo de certificacións.

Órgano/Unidade de tramitación actual: PCOP.

2.3.4.- Informe técnico do Servizo Galego de Igualdade que debe incluír referencias á situación persoal e familiar da solicitante, á intervención social acordada e á súa situación de vivenda, aos efectos da adxudicación directa de vivendas no programa de **vivenda de aluguer** a mulleres vítimas de violencia de xénero. (Orde da Consellería de Vivenda e Solo, do 12 de xullo de 2007; en desenvolvemento do previsto polo Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o Programa de vivenda en aluguer).

O informe é un documento individualizado que non se xera directamente desde unha base de datos. Emítese polo PCOP, a instancia normalmente do departamento autonómico competente en materia de vivenda, asinando a Directora do SGI. Para emisión da certificación se comproba que a persoa estea de alta na aplicación do PCOP. Se a comprobación fose negativa se comproba tamén por acceso ao Rexistro Central, e caso de que o resultado sexa positivo e a muller vítima resida na comunidade autónoma de Galicia, dáse de alta no propio rexistro do PCOP. Así mesmo, no caso deste informe, e consonte ao disposto polo artigo 3.1 da Orde do 12 de xullo de 2007 (DOG do 24.07.07), a acreditación da condición de vítima pode basearse, ademais de na orde de protección, nunha “resolución xudicial, informe do Ministerio Fiscal, ou informe dos servizos sociais correspondentes ou o do centro de acollida”. E sobre esta norma, rexe a recente regulación con rango legal formal (lei 11/2007), citada no apartado 1.4.5 deste



informe; o que supón entre outros elementos, a ampliación e xeneralización de novas formas de acreditación, independentes ou non ligadas necesariamente ás medidas de protección. Nos casos en que se estea a aplicar calquera destas novas formas documentais ou supostos de violencia de xénero, nos que non conste vinculación con algunha medida de protección, non se incorporan os datos das mulleres vítimas á aplicación do PCOP.

O artigo 44 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece que "A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de vivenda e en coordinación co departamento competente en materia de igualdade, garantizará, nos termos que se establezan regulamentariamente, o dereito a unha vivenda ás mulleres que sufran ou sufrisen violencia de xénero e se atopen nunha situación de precariedade económica. Poderán beneficiarse tanto das medidas para o acceso a unha vivenda en propiedade coma en réxime de aluguer." E o artigo 45 dispón que "Na adxudicación das promocións públicas de vivendas daráselles prioridade ás necesidades das mulleres que sufran violencia de xénero e se atopen nunha situación de precariedade económica. Así mesmo, poderá reservarse un número de vivendas adaptadas para mulleres que sufran violencia de xénero con mobilidade reducida de carácter permanente."

Órgano/Unidade de tramitación actual: PCOP.



3. VARIABLES ESTADÍSTICAS.

Neste apartado descríbense as diversas variables observables e extraíbles da xestión dos procedementos. En tódolos casos “medidas (ordres)” inclúe todo tipo de medidas de protección (por tanto tamén, por exemplo, sentenza condenatoria ou medidas cautelares con contido de protección da vítima). En tódolos casos “provincia” significa a do domicilio da vítima, dato que se reflectirá co nivel de actualización que conste nos correspondentes aplicacións, rexistros ou expedientes; “responsabilidades familiares”, as asumidas pola muller vítima (incluído menores ou persoas dependentes, sendo unha variable que só admite os valores “SI”, “NON” e “NON CONSTA”); “tipo de documento xustificativo”, aquel que segundo a prestación considerada na unidade estatística, acredita a situación de violencia (auto, sentenza, informe do ministerio fiscal, informe dos servizos sociais, etc.). En tódolos casos, “importe” significa o importe en euros total, o que quere dicir que nas variables afectas á prestación periódica inclúe a previsión do pago total tal e como se define en concreto en cada unha das variables.

A respecto da unidade estatística “2.2.1.- Atención polo PCOP”, poderían definirse outras variables, incluso a aplicación existente ofrece xa este tipo de datos, pero dado que está en proceso de modificación, que a remisión de datos polos xulgados non é uniforme nin completa, así como a novidade relativa da aplicación, e os posibles cambios e melloras no procedemento de depuración, non é aconsellable a súa inclusión no proxecto ata o desenvolvemento e plena estabilidade dos cambios en curso.

A respecto das unidades estatísticas 2.3.1 a 2.3.4 (acreditacións) a variable provincia ven definida da forma xeral (domicilio que conste da muller vítima), polo que pode non coincidir coa provincia desde a que se solicita (por exemplo, por outro departamento da administración autonómica) a acreditación.

Variables correspondentes á unidade estatística 2.1.1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.

- 2.1.1.A Identificador do expediente.
- 2.1.1.B Provincia.
- 2.1.1.E Tipo de documento xustificativo.
- 2.1.1.E Importe.
- 2.1.1.T Data da resolución de concesión



Variables correspondentes á unidade estatística 2.1.2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.

- 2.1.2.A Identificador do expediente.
- 2.1.2.B Provincia.
- 2.1.2.C Responsabilidades familiares.
- 2.1.2.D Tipo de documento xustificativo.
- 2.1.2.E Importe imputable ao exercicio orzamentario.
- 2.1.2.F Importe acumulado plurianual.
- 2.1.2.T Data da resolución de concesión

Variables correspondentes á unidade estatística 2.2.1.- Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero, nos casos en que a persoa agresora é home.

Xa se expuxo no apartado 2.2.1 que unicamente se comprometen no proxecto estatístico aqueles supostos de violencia en que a vítima é muller e a persoa agresora é home. E a eses casos unicamente, van referidos as variables que se indican.

As variables son as seguintes:

- 2.2.1.X.A Identificador do expediente.
- 2.2.1.X.B Provincia correspondente ao **expediente obxecto de seguimento**.
- 2.2.1.X.C Data da inclusión do **expediente** no rexistro do PCOP.

- 2.2.1.Z.A Identificador da medida de protección.
- 2.2.1.Z.B Provincia correspondente á **medida de protección obxecto de seguimento**.
- 2.2.1.Z.C Data da **medida de protección**.

Variables correspondentes á unidade estatística 2.2.2.- Incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero a un programa de busca activa ou mellora de emprego.

- 2.2.2.A Identificador do expediente ou unidade.
- 2.2.2.B Provincia.
- 2.2.2.C Responsabilidades familiares
- 2.2.2.D Tipo de documento xustificativo.



2.2.2.T Data do trámite relevante da incorporación.

Variables correspondentes á unidade estatística 2.3.1.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

- 2.3.1.A Identificador do expediente ou certificación.
- 2.3.1.B Provincia.
- 2.3.1.C Responsabilidades familiares
- 2.3.1.D Tipo de documento xustificativo.
- 2.3.1.T Data da certificación.

Variables correspondentes á unidade estatística 2.3.2.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da percepción da renda activa de inserción.

- 2.3.2.A Identificador do expediente ou certificación.
- 2.3.2.B Provincia.
- 2.3.2.C Responsabilidades familiares
- 2.3.2.D Tipo de documento xustificativo.
- 2.3.2.T Data da certificación.

Variables correspondentes á unidade estatística 2.3.3.- Certificación xenérica da condición de vítima.

- 2.3.3.A Identificador do expediente ou certificación.
- 2.3.3.B Provincia.
- 2.3.3.C Responsabilidades familiares
- 2.3.3.D Tipo de documento xustificativo.
- 2.3.3.T Data da certificación.



Variables correspondentes á unidade estatística 2.3.4.- Informe técnico do Servizo Galego de Igualdade aos efectos da concesión de vivenda en aluguer.

- 2.3.4.A Identificador do expediente ou informe.
- 2.3.4.B Provincia.
- 2.3.4.C Responsabilidades familiares
- 2.3.4.D Tipo de documento xustificativo.
- 2.3.4.T Data do informe.



4. PROCESAMENTO DE DATOS

A estrutura informática que da soporte á información ou rexistro administrativo, provén das seguintes bases de datos:

4.1 Sistema de xestión de procedementos Administrativos (SXPA)

O Servizo de Cooperación do SGI mantén, a través dunha serie de procedementos administrativos, a información para a concesión das axudas de natureza económica:

4.1.1.- Prestación de pagamento único:

Xestiónase co procedemento VP434B.

Nas seguintes liñas descríbese, ademais desta xestión polo SXPA, a interfase de recuperación e traslado de datos desde o SXPA e a unidade de xestión, ao Rexistro de Prestacións Interno.

O sistema de xestión permite obter datos cuantitativos seguintes: Número de solicitudes, número de resolucións favorables, número de resolucións denegatorias, número de desestamentos.

O sistema emite comunicación de tramitación e identificación do expediente, e xestiona tamén a subsanación de defectos no seu caso.

Desde o Servizo de Cooperación emítese un Certificado Individualizado que permite realizar o pagamento, logo de fiscalizado e intervido o gasto.

Os datos cárganse no SXPA actualmente desde 2 postos de traballo integrados no Servizo de Cooperación. A explotación dos datos faise unicamente no Servizo, dando conta ás unidades competentes para intervir e realizar o gasto e o pago, á Secretaría do SGI, e desde esta, aos órganos correspondentes. Non se xestionan polo SXPA outras incidencias nos procedementos: Suspensión, Revogación e Renuncia; pero dado o relativamente escaso número destes eventos, a extracción destes datos obteríase doadamente a partir das aplicacións informáticas dos postos de traballo. As denegacións das solicitudes xestionáanse tamén polo SXPA.

O Servizo de Cooperación elabora, a partir dos datos recuperados do SXPA unha táboa en folla electrónica (EXCEL, OPENOFFICE ou similar) comprensiva dos seguintes datos: identificación do expediente da muller beneficiaria, data da resolución, provincia, e tipo de documento xustificativo da condición de vítima. O servizo, unha vez producida a resolución positiva dos procedementos, remite o listado en soporte virtual ao Rexistro de Prestacións Interno (RPI) do SGI-Santiago.



Calquera destas aplicacións (folla electrónica do Servizo e do RPI) da, entre outros datos, o total de resolucións concedidas no semestre natural, e o seu desagregado por provincias, e en xeral os datos correspondentes á unidade 2.1.1 comprometidos neste proxecto.

Previa á obtención final destes datos realízanse as correspondentes operacións de filtrado (desde os ficheiros orixinais do SXPA) e depuración manual, comprobando que os datos cargados na folla electrónica e no RPI correspóndense cos ficheiros e datos orixinais. Para a tarefa de depuración, utilízase así mesmo como contraste unha nova folla electrónica máis completa utilizada para a xestión económica da prestación, folla esta que en ningún caso se incorpora ao RPI.

4.1.2.- Prestación de pagamento periódico:

Xestiónase co procedemento VP434A.

Nas seguintes liñas descríbese, ademais desta xestión polo SXPA, a interfase de recuperación e traslado de datos desde o SXPA e a unidade de xestión, ao Rexistro de Prestacións Interno.

O sistema de xestión permite obter datos cuantitativos seguintes: Número de solicitudes, número de resolucións favorables, número de resolucións denegatorias, número de desestamentos.

O sistema emite comunicación de tramitación e identificación do expediente, e xestiona tamén a subsanación de defectos no seu caso.

Desde o Servizo de Cooperación emítese un Certificado Individualizado que permite realizar o pagamento, logo de fiscalizado e intervido o gasto.

Os datos cárganse no SXPA actualmente desde 2 postos de traballo integrados no Servizo de Cooperación. A explotación dos datos faise unicamente no Servizo, dando conta ás unidades competentes para intervir e realizar o gasto e o pago, á Secretaría do SGI, e desde esta, aos órganos correspondentes. Non se xestionan polo SXPA outras incidencias nos procedementos: Suspensión, Revogación e Renuncia; pero dado o relativamente escaso número destes eventos, a extracción destes datos obteríase doadamente a partir das aplicacións informáticas dos postos de traballo. As denegacións das solicitudes xestiónanse tamén polo SXPA.

O Servizo de Cooperación elabora, a partir dos datos recuperados do SXPA unha táboa nunha base de datos (ACCESS, se ben puidera ser outra aplicación similar) comprensiva dos



seguintes datos: identificación do expediente da muller beneficiaria, data da resolución, provincia, existencia ou non de responsabilidades familiares e menores dependentes, e tipo de documento xustificativo da condición de vítima. O servizo, unha vez producida a resolución positiva dos procedementos, remite o listado en soporte virtual ao Rexistro de Prestacións Interno (RPI) do SGI-Santiago.

Calquera destas aplicacións (folla electrónica do Servizo e do RPI) da, entre outros datos, o total de resolucións concedidas no semestre natural, e o seu desagregado por provincias, e en xeral os datos correspondentes á unidade estatística 2.1.2 comprometidos neste proxecto.

Previa á obtención final destes datos realízanse as correspondentes operacións de filtrado (desde os ficheiros orixinais do SXPA) e depuración manual, comprobando que os datos cargados na folla electrónica e no RPI correspóndense cos ficheiros e datos orixinais. Para a tarefa de depuración, utilízase así mesmo unicamente **como contraste** outra folla electrónica máis completa utilizada para a xestión económica da prestación, folla na que se dispón dos datos necesarios para os **pagamentos mensuais** da prestación, datos que se fan chegar nun LISTADO MENSUAL ao Servizo de Administración Xeral do SGI, á Intervención e á Habilitación, e que consta dos campos seguintes: Nome da beneficiaria, DNI, Nº de conta, Contía mensual, nº pagamento, Importe do pagamento, mensuralidade a que corresponde, e número de expediente. Así mesmo, dispónse nesta mesma folla do dato do importe total plurianual comprometido, e do desagregado por exercicio orzamentario. Todo iso para cada resolución de concesión. Este folla non se incorpora en ningún caso ao RPI.

4.2 Aplicación e Bases de datos do PCOP.

O persoal do PCOP ten acceso, como se desprende da normativa amplamente citada anteriormente, á Base de Datos do **Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica**, dependente da Administración do Estado.

Pero ademais existe unha aplicación informática propia desde a que se manexan e controlan todos os elementos necesarios dos expedientes dependentes do PCOP.

A aplicación consiste nun programa elaborado en *PHP* sobre unha base de datos "*MYSQL*". O mantemento da aplicación realízase por persoal dependente da Vicepresidencia.

O programa permite consultas polas persoas usuarias autorizadas e xera automaticamente estatísticas diversas: número de ordes de protección por provincias, por xulgado, por datas, vínculo da persoa agresora coa persoa beneficiaria principal, número de persoas beneficiarias



principais, quebrantamento de medidas cautelares,... Sen embargo, en base ás consideracións indicadas no apartado 5 deste proxecto, e dado que non se realiza polo momento explotación dalgúns destes datos, non se inclúen sistematicamente entre as variables recollidas no apartado 3 do proxecto. (*Provincia*, como xa quedou dito, ven referido sempre como dato estatístico, á do domicilio da muller vítima).

O programa permite extraer os datos correspondentes tanto aos “expedientes” como as “medidas de protección” ligadas a eles, segundo as definicións incluídas na descrición das variables correspondentes a estas unidades. O programa ofrece directamente diversas estatísticas.

Agora ben, a obtención dos datos comprometidos neste proxecto a respecto desta unidade, require un labor de filtrado e depuración, detraendo, ademais de aqueles que corresponden á apertura de expediente por comunicación de sentenza absolutoria, aqueles expedientes/medidas de protección, nos que a vítima é home, así como aqueles expedientes en que a vítima é muller pero a persoa agresora é tamén unha muller. É dicir, as variables comprometidas ofrecen só os datos daqueles casos de “violencia de xénero”, que teñen a dobre condición de “muller vítima / home agresor”. Esta selección de expedientes, e consecuentemente, das medidas de protección, faise:

- Na actualidade, os filtros implementados na aplicación e nas súas consultas estatísticas, permiten desbotar o número de expedientes/ordes de casos de “vítimas home”. E os supostos de “muller/vítima con agresora/muller”, son tan escasos que é moi doado obtelos por procedementos de depuración manuais. O mesmo acontece cos casos de calquera expediente que se inicia a partir dunha sentenza absolutoria, que debe ser igualmente detraído.
- Está prevista unha reforma da aplicación informática que permitiría obter os datos depurados filtrados directamente.

Dado o deseño da aplicación, non existe ningunha restrición para a determinación de calquera período de análise ou cómputo, e por tanto para obter os datos correspondentes ao semestre natural que é o período comprometido con carácter xeral neste proxecto estatístico.

4.3 Rexistro de Prestacións Interno.

O Rexistro de Prestacións Interno é un dispositivo ou instrumento material, esencialmente un ficheiro sobre un soporte informático, do SGI-Santiago, no que se centralizan algúns dos datos máis relevantes das prestacións tramitadas polo SGI en relación coas mulleres vítimas de violencia de xénero. Non ten natureza orgánica e as tarefas do seu mantemento, asignadas



parcialmente ao persoal informático, poden corresponder tamén a outros postos de traballo ligados á xestión das prestacións do SGI. O rexistro non incorpora en ningún caso datos identificativos das persoas beneficiarias das prestacións ou acreditacións, nin datos que por si mesmos, permitan obter tal identificación. En todo caso, as persoas responsables do Rexistro teñen o deber de sigilo e confidencialidade xerais esixibles pola materia de que se trata.

O **contido** mínimo do rexistro inclúe, entre outros, o número e datos necesarios (en ningún caso nome, apelidos nin documento identificativo de ningún tipo) das seguintes prestacións ou acreditacións obxecto deste proxecto estatístico:

- Resolucións concedendo a axuda de pago único.
- Resolucións concedendo a axuda de pago periódico.
- Certificacións expedidas aos efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.
- Certificación/informe técnico aos efectos da adxudicación directa de vivendas no programa de vivenda de aluguer.
- Certificacións expedidas aos efectos da percepción da renda activa de inserción.
- Certificacións xenéricas expedidas.
- Prestación de incorporación de mulleres a un programa de busca activa ou mellora de emprego que se desenvolve desde o SGI en colaboración con outras administracións e entidades.

O soporte do Rexistro de Prestacións Interno é unha aplicación ou folla electrónica (EXCEL, OPENOFFICE ou similar), que permite a incorporación sinxela e directa de datos a partir dos listados que se remiten desde as unidades e postos que teñen encomendada a xestión das diversas prestacións ou acreditacións.

Mediante as consultas correspondentes implementados na aplicación informática, obtéñense directamente os datos requiridos incluídos ou comprometidos neste proxecto estatístico.

A **recepción e incorporación** de datos no Rexistro descríbese nos correspondentes apartados anteriores, reiterándose neste de forma resumida:

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS: (Unidades estatísticas 2.1.1 e 2.1.2)

O Servizo de Cooperación elabora, partindo parcialmente dos datos recuperados do SXPA, unha táboa en folla electrónica (EXCEL, ACCESS, OPENOFFICE ou similar) comprensiva dos seguintes datos: data da resolución, identificación dos expedientes das mulleres beneficiarias, provincia, existencia ou non de responsabilidades familiares e menores dependentes (no caso



da prestación periódica), e tipo de documento xustificativo da condición de vítima. Este servizo remite en formato electrónico a táboa ao Rexistro de Prestacións Interno do SGI-Santiago.

Nos anteriores apartados 4.1.1 e 4.12 describiuse a interfase de recuperación e traslado de datos das prestacións económicas desde o SXPA e a unidade de xestión a Rexistro de Prestacións Interno.

PRESTACIÓN DE SERVICIOS: (Unidade estatística 2.2.2)

Habida conta de que o seguimento polo PCOP da atención ás beneficiarias das ordes de protección realízase sobre o soporte da súa propia aplicación, o Rexistro Interno unicamente da entrada dentro desta tipoloxía, á incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero a un programa de busca activa ou mellora de emprego, (unidade estatística 2.2.2), realizada de forma descentralizada nos CIAM e equivalentes provinciais. Desde estas unidades cárganse os datos nunha táboa en folla electrónica (EXCEL, OPENOFFICE ou similar) remitíndoa ao Rexistro de Prestacións Interno sito no SGI-Santiago. O listado contén os campos seguintes: nº ou referencia de expediente da beneficiaria, provincia (do domicilio da beneficiaria), data da incorporación ao programa, existencia ou non de responsabilidades familiares e menores dependentes – caso de ter constancia deste dato -, e tipo do documento xustificativo da condición de vítima.

O RPI da o total de incorporacións producidas no semestre natural, e o seu desagregado por provincias, e en xeral os datos correspondentes á unidade estatística 2.2.2 comprometidos neste proxecto.

Previa á obtención final destes datos realízase a correspondente tarefa de depuración manual, comprobando que os datos cargados no RPI correspóndense cos ficheiros e datos orixinais. Está previsto que esta tarefa de depuración poida ser complementada ou incluso substituída por novas utilidades implementadas no RPI de maneira que mediante programación en SQL ou medios análogos, se poidan incorporar automaticamente os datos remitidos desde os servizos descentralizados. A mellora da aplicación en ningún caso suporá un nivel inferior de garantía da integridade dos datos afectados, manténdose as tarefas de depuración necesarias.

ACREDITACIÓNS: (Unidades estatísticas 2.3.1, 2.3.2, 2.3.3 e 2.3.4).



Todas as acreditacións (informes, certificados) emanadas do SGI, emítense actualmente desde os postos de traballo responsables do PCOP se ben estas tarefas poden encomendarse a outros postos de traballo. Desde esta unidade cárganse os datos nunha táboa en folla electrónica (EXCEL, OPENOFFICE ou similar) remitíndoa ao Rexistro de Prestacións Interno sito no mesmo SGI-Santiago. O listado contén os campos seguintes: data da certificación ou informe, finalidade da acreditación, nº ou referencia do expediente da beneficiaria, provincia (do domicilio da beneficiaria), existencia ou non de responsabilidades familiares e menores dependentes – caso de ter constancia deste dato -, e tipo do documento xustificativo da condición de vítima.

O RPI da o total acreditacións emitidas no semestre natural, e o seu desagregado por provincias, e en xeral os datos correspondentes ás unidades estatísticas 2.3.1, 2.3.2, 2.3.3 e 2.3.4 2.3.2 comprometidos neste proxecto.

Previa á obtención final destes datos realízase a correspondente tarefa de depuración manual, comprobando o correcto traslado de datos e que os cargados no RPI correspóndense cos datos orixinais da folla electrónica. Está previsto que esta tarefa de depuración poida ser complementada ou incluso substituída por novas utilidades implementadas no RPI de maneira que mediante programación en SQL ou medios análogos, se poidan incorporar automaticamente os datos da folla electrónica remitidos desde os postos de traballo de xestión das acreditacións. A mellora da aplicación en ningún caso suporá un nivel inferior de garantía da integridade dos datos afectados, manténdose as tarefas de depuración necesarias.

Alternativamente, dependendo das circunstancias e volume de traballo do servizo e do persoal do PCOP, os datos poden ser cargados directamente na aplicación do Rexistro Interno. Neste suposto, previamente á obtención final dos datos, reforzarase a depuración manual comprobando os datos do RPI directamente cos dos soportes físicos dos expedientes, computando os totais correspondentes a estes.

A actualización de datos no rexistro é, con carácter xeral, mensual, se ben se prevé que nalgúns meses non se producirán altas ou novos ítems no RPI a respecto dalgunhas unidades estatísticas. No caso da unidade estatística 2.2.2 a actualización dos datos pode realizarse de forma máis sumaria e con periodicidade maior (garantindo a periodicidade semestral en todo caso) dependendo da sinatura do correspondente contrato ao tratarse dun servizo externalizado.

4.4 Con carácter xeral: aplicación do PCOP e RPI.



A respecto dos datos incorporados ao rexistro e á aplicación do PCOP, non se prevén procedementos específicos de imputación, se ben sempre se acudiría aos rexistros ou soportes físicos (expedientes) para obter o dato preciso sobre o que eventualmente, non existise constancia nos soportes informáticos.

No que respecta á explotación dos datos, como se precisa no apartado 5 deste proxecto, e dadas as características das aplicacións informáticas descritas e os procedementos de xestión, non existe nos instrumentos informáticos utilizados ningunha restrición para a determinación dos datos de calquera período de análise ou cómputo, e por tanto para obter os datos correspondentes ao semestre natural que é o período comprometido con carácter xeral neste proxecto estatístico.



5.- Deseño de explotación dos datos dos rexistros.

Se ben aos efectos internos se recollen todas as variables descritas no apartado 3 do proxecto, e dos expedientes e instrumentos de xestión poden extraerse datos sobre outras variables de interese para futuras explotacións dos datos, **difundiranse unicamente os que se relacionan neste apartado 5**. A selección faise tendo en conta factores como son a importancia dos datos, a fixeza e estabilidade do sistema de xestión e a dispoñibilidade de recursos humanos e informáticos. E sobre todos eles a subordinación de todos os elementos implicados na xestión, e a súa disposición, para a mellor garantía do dereito á vida e á integridade das mulleres vítimas da violencia de xénero.

Polo que respecta ao "período" indicado nas variables das diferentes unidades, corresponde sempre a cada un dos dous "semestres naturais", de acordo coas especificacións que se inclúen neste apartado 5 do proxecto. Ofrécense pois os datos correspondentes aos dous semestres naturais, sen prexuízo de que ademais, totalizaranse anualmente.

Finalmente, no que respecta ao termo e concepto "período" indicado nas variables das diferentes unidades, corresponde sempre aos dous "semestres naturais", de acordo coas especificacións que se inclúen neste apartado 5 do informe.

Datos relativos á unidade estatística 2.1.1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único.

Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de resolucións favorables no semestre semestre natural anterior. Detalle por provincias.

Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Total de resolucións favorables no ano natural anterior. Detalle por provincias.

Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.



Datos relativos á unidade estatística 2.1.2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.

Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de resolucións favorables no semestre natural anterior. Detalle por provincias.

Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Total de resolucións favorables no ano natural anterior. Detalle por provincias.

Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.

Datos relativos á unidade estatística 2.2.1.- Atención polo PCOP.

Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de novos expedientes seguidos no semestre natural anterior. Detalle por provincias. (O que realmente pode traducirse no número de mulleres obxecto do seguimento, atención ou protección).
- Número de novas medidas de protección comunicadas ao PCOP obxecto de seguimento no semestre natural anterior. Detalle por provincias.

Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Número de novos expedientes seguidos no ano natural anterior. Detalle por provincias.
- Número de novas medidas de protección comunicadas ao PCOP obxecto de seguimento no ano natural anterior. Detalle por provincias

- Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.

Datos relativos á unidade estatística 2.2.2.- Incorporación de mulleres vítimas de violencia de xénero a un programa de busca activa ou mellora de emprego.

Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de mulleres incorporadas no semestre natural anterior. Detalle por provincias.



Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Número de mulleres incorporadas no ano natural anterior. Detalle por provincias.

Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.

Datos relativos á unidade estatística 2.3.1.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de certificacións emitidas no semestre natural anterior. Detalle por provincias.

Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Número de certificacións emitidas no ano natural anterior. Detalle por provincias.

Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.

Datos relativos á unidade estatística 2.3.2.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, aos efectos da percepción da renda activa de inserción.

Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de certificacións emitidas no semestre natural anterior. Detalle por provincias.

Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Número de certificacións emitidas no ano natural anterior. Detalle por provincias.

Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.

Datos relativos á unidade estatística 2.3.3.- Certificación xenérica da condición de vítima.



Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de certificacións emitidas no semestre natural anterior. Detalle por provincias.

Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Número de certificacións emitidas no ano natural anterior. Detalle por provincias.

Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.

Datos relativos á unidade estatística 2.3.4.- Informe técnico do Servizo Galego de Igualdade aos efectos da concesión de vivenda en aluguer.

Con difusión a comezos de cada semestre natural:

- Número de informes emitidos no semestre natural anterior. Detalle por provincias.

Ademais, con difusión unicamente no primeiro trimestre do ano natural:

- Número de informes emitidos no ano natural anterior. Detalle por provincias.

Así mesmo ofreceranse todos estes datos para o total de Galicia, o que se obtén inmediatamente do sumatorio dos anteriores.

Prevese que nas modificacións e actualizacións futuras do proxecto estatístico, especialmente con motivo do desenvolvemento e aplicación da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, se poidan incorporar novas variables sen desbotar a posibilidade de incluír novas unidades.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2007.

Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller.